



ASOCIACIÓN POLA
DEFENSA DA RÍA

AO XULGADO DE GARDA E INSTRUCCIÓN DE PONTEVEDRA

Don Antón Masa Vázquez, co DI 33197669K e enderezo a efectos de notificación no apartado 414, 36080-Pontevedra, como presidente da Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) e no nome da antedita asociación ecoloxista, á vista do **comezo dos recheos que a Autoridade Portuaria do Porto de Marín e Ría de Pontevedra está a realizar no Porto de Marín**, tal e como se pode comprobar polas fotografías que acompañan este escrito, diante do Xulgado de Garda e Instrución de Pontevedra,

EXPÓN:

Que con data de 17 de novembro de 2010 presentou, diante do Xulgado de Garda e Instrución de Pontevedra un escrito solicitando a paralización dos recheos e dragados, naquel momento aínda en primeiras fases, que a Autoridade Portuaria do Porto de Marín e Ría de Pontevedra pretendía levar a cabo ilegalmente no entorno do ámbito portuario do porto de Marín, escrito do que se adxunta copia. No momento no que se presenta esta solicitude de paralización, a Autoridade Portuaria atopábase xa fabricando os caixóns de formigón que se utilizarían para consolidar os recheos.

Nese escrito faciase referencia a unha serie de decisións dictadas por diferentes instancias xudiciais que coincidían en declarar ilegais os recheos contemplados no Plan Especial do Porto de Marín e da súa posterior modificación. Concretamente expúñase que:

1º. EXISTE UNHA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO QUE ANULA O PLAN ESPECIAL DO PORTO DE MARÍN NO QUE SE PLANIFICAN RECHEOS NA RÍA DE PONTEVEDRA DE MÁIS DE 300.000 m²

En sentenza de 30 de outubro de 2009, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo, na que se estima un recurso da Plataforma Defensora da Praza dos Praceres, impúgnase o Plan Especial do Porto e decláranse ilegais as obras de recheo realizadas ao amparo do mesmo, ao tempo que se condena á Xunta de Galicia, á Deputación Provincial de Pontevedra (ambas responsables da tramitación e aprobación do Plan) e á Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra (como promotora e executora do mesmo) á reposición da zona portuaria á anterior situación e estado, é dicir á retirada dos recheos levados a cabo.

Na fundamentación da sentenza, no apartado sétimo, o Tribunal Supremo analiza si o Plan Especial é o instrumento axeitado para deseñar e executar ao seu amparo recheos na Ría de Pontevedra, indicando:

De acordo co disposto no artigo 18 da Lei 27/1992, de 24 de novembro, de Portos do Estado, os espazos portuarios constitúen, a efectos urbanísticos, sistemas xerais ordenados mediante un “plan especial” ou instrumento equivalente. Dito Plan Especial debe limitarse a regular os usos urbanísticos e non a lexitimar as infraestruturas propiamente portuarias, resultando inadecuado para lexitimar a creación ou ampliación do porto, e en especial as actuacións sobre ámbitos exteriores á competencia territorial municipal, (como é a lámina de auga), “en tanto non exista un soporte físico ou terreo que pase a ser solo de dominio público ou de propiedade privada, apto para ser urbanizado” (sentenzas desta Sala de 4 de febreiro e 19 de xuño de 1987, e as que nelas se citan)

É polo contrario o “plan de utilización dos espazos portuarios” regulado no artigo 15 da citada Lei de Portos o que lexitima a implantación efectiva dos usos estritamente portuarios nos portos de interese xeral, en canto expresión da competencia estatal sobre os mesmos, correspondéndolle, ademais da delimitación da zona de servizo dos portos, a ordenación propiamente portuaria, é dicir, dos espazos de terra e de auga necesarios para o desenvolvemento dos usos portuarios, así como dos de reserva para o desenvolvemento de dita actividade. O Plan de Utilización determina a propia creación ou ampliación do porto, precedendo polo tanto no tempo ao Plan Especial, de natureza urbanística, no que simplemente se ordenan os usos urbanísticos que se implantarán sobre a superficie do solo portuario unha vez exista.

Tras aclarar a sentenza que:

Do exame do concreto Plan Especial impugnado, constatamos que, pese a súa natureza estritamente urbanística, pretende en realidade planificar e lexitimar por si unha ampliación moi significativa do espazo portuario, sobre terreos ganados ao mar mediante a execución de recheos

constata a magnitude dos recheos a realizar cando recolle:

Da mesma forma, na Memoria do Plan, no punto 1.5.2, expónse que “a proposta de ordenación supón aumentar a superficie portuaria dos 441.349 m² actuais a 764.967 m², mediante a obtención destas novas áreas portuarias mediante recheos, ante a imposibilidade física de ampliación cara o interior.

Aclara tamén o Tribunal Supremo a necesidade de realizar un estudo de impacto ambiental:

Do que se deduce que o Plan Especial recurrido neste litixio, extralimitándose nas súas competencias, pretende amparar e lexitimar por si mesmo a execución de infraestruturas portuarias que conlevan importantes recheos sobre o mar. Como ditas obras atópanse incluídas no Anexo I da Directiva 85/337/CEE relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente, así como no correlativo Anexo do Real Decreto Lexislativo 1302/1986, de 28 de xuño, queda claro que o Plan Especial en xestión debeu someterse a avaliación de impacto ambiental antes da súa aprobación definitiva, tal e como dispón o artigo 4.1 da referida Directiva 85/337/CEE e os artigos 1 e 2 do Real Decreto Lexislativo 1302/1986 (na versión vixente cando se aprobou o Plan Especial). Maiormente considerando a incidencia da obra nun espazo de alto valor medioambiental e ecolóxico como é a Ría de Pontevedra.

Non acepta, por último, o Tribunal Supremo, a xustificación das Administracións implicadas indicando a existencia dun Estudo de Impacto Ambiental, aprobado en 1994, xa que se tiña realizado para outras obras, diferentes e de moita menor envergadura que as que se teñen levado a cabo.

2º. A MODIFICACIÓN DO PLAN ESPECIAL NON APORTA COBERTURA LEGAL AOS RECHEOS E OBRAS REALIZADOS NIN ÁS QUE AGORA SE PRETENDEN REALIZAR NO PORTO DE MARÍN

O 9 de xuño de 2003, a Autoridade Portuaria do Porto de Marín e Ría de Pontevedra, presentou para a súa tramitación unha modificación do Plan Especial, Modificación que se aprobou por Orden autonómica de 4 de febreiro de 2005.

A Modificación do Plan Especial consiste, no esencial, nunha redistribución dos sectores e nunha leve modificación na planificación temporal das obras a realizar. No relativo aos cambios nos sectores, trátase de realizar unha agrupación dos mesmos pasando dos sete planificados no Plan, a cinco; por outra banda, lévase a cabo un incremento da edificabilidade e da superficie edificable que no sector S1 supón un aumento de 399.363 m² da superficie edificable. No caso do sector S2 a superficie edificable aumenta en 45.436 m² ademais de incrementarse os usos autorizados. O sector S3, resulta na Modificación da agrupación dos sectores S3, S6 e parte do S7; para esta última parte establécese unha edificabilidade (0,5 m²/m², cunha altura de 2 plantas) impropia dos usos previstos na ordenación como son o paseo marítimo, aparcamento exterior, zona axardinada de borde, parque público de Cantoarea e a praza

Marqués de Valterra e a praia de Praceres. Por último, o sector S4, incrementa a súa superficie dende os 6.527 m² ata os 21.122 m². En definitiva, a Modificación do Plan Especial é unha manobra que ten como principal obxectivo o incremento de edificabilidade, destinada a atender aos intereses das empresas que operan no porto coas que se relacionan e con absoluto desprezo polos intereses públicos aos que debería servir.

No que se refire aos recheos, estes non se reducen no plan modificado senón que se incrementan; tal e como figura na memoria da modificación, a superficie total prevista para o Porto de Marín pasa a ser, de 764.967m² no plan orixinal, a 814.792 m² na modificación, é dicir a superficie a rechea incrementouse en 50.175 m² con respecto ao previsto no Plan Especial do ano 2000. Entre as actuacións que se programan, figura a construción dunha rampa RO-RO na zona de ampliación, e o recheo duns 20.000 m² máis no extremo leste do peirao Manuel Leirós, así como dragados na zona portuaria e próximas, obras que agora pretenden levarse a cabo.

Existen razóns xurídicas que apoian o argumento de que non se poden amparar as obras realizadas ou a punto de realizar nun plan modificado a partir do Plan Especial anulado. Así, un auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 10 de setembro, feito público pola prensa do día 20 de outubro de 2010 ordena retirar os recheos realizados ao amparo do Plan e da Súa Modificación, non admitindo a posibilidade de legalizalos baixo o plan modificado.

Máis recentemente, o 28 de setembro de 2010, tense emitido sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 de Pontevedra, estimando un recurso contencioso administrativo interposto pola Asociación Plataforma Defensa da Praza dos Praceres contra a resolución do Concello de Marín que outorgou a Tradepana (Agora chamada Cabomar Congelados), licenza de obras e de instalación para unha factoría frigorífica na zona de servizos do Porto de Marín. Esta sentenza se reafirma sobre a ilegalidade de todas as actuacións levadas a cabo no Porto de Marín ao amparo do Plan Especial do Porto anulado polo Tribunal Supremo en outubro de 2009, e da Modificación do mesmo. Sentencia aquí o Xulgado do Contencioso Administrativo que a "Modificación puntual do Plan Especial" de 2005 non veu a revalidar o Plan orixinal de 2000 anulado polo TS. A Modificación, asegura a sentenza, so variou o seu contido, puntualmente, na modificación do Sector de servizos obxecto da mesma e na súa tramitación, a Consellería (no seu momento de Ordenación do Territorio), actuou do mesmo modo que o tiña feito na aprobación do Plan Especial e caendo nos mesmos defectos que para a aprobación do Plan Especial, e dicir, na omisión dun estudo de impacto ambiental, na falta dun instrumento legal para autorizar recheos e novos peiraos, e na clasificación como solo urbano dos terreos pertencentes ao espazo portuario, clasificación prohibida para os Plans Especiais"

Tamén se explicaba nese escrito que, a Autoridade Portuaria do Porto de Marín e Ría de Pontevedra, da mesma forma que está decidida a incumplir a sentenza ditada polo Tribunal Supremo, no sentido de que non retirará os recheos tal e como se lle ordena na mesma, o está tamén no sentido de continuar cos recheos que se planificaban nos plans especiais e se concretaban na modificación do Plan Especial aprobada en 2005. Un destes recheos consistía en gañar á Ría de Pontevedra un total de 25.200 m² por medio da ampliación por recheos do Muelle Manuel Leirós Nº 2. Na figura 1 que incluímos a continuación no noso texto e que forma parte dos planos da modificación do Plan Especial, pódese ver –perfilados en vermello- a posición e dimensións relativas dos recheos a realizar, uns recheos que se están comezando na actualidade:




Figura 1. Plano contido na Modificación do Plan Especial do Porto de Marín aprobado en 2005, perfilado en vermello o recheo que se programaba e que a Autoridade Portuaria está a realizar.

A estratexia da autoridade portuaria para intentar dar amparo aos inmensos recheos que está a realizar é a de proxectar de forma secuencial as obras concretadas nos plans especiais logo ilegalizados para evadirse de realizar un estudo de impacto ambiental que analice as consecuencias do conxunto das actuacións, xa que, tal e como afirma a sentenza que obriga á retirada dos recheos, o estudo dos efectos ambientais dun aspecto parcial non invalida a necesidade de realizar un do conxunto. Dentro desta estratexia a Autoridade portuaria realizou un proxecto que denominou eufemisticamente “Proyecto básico de adecuación de infraestructuras del sector comercial del Puerto de Marín”. Esa “adecuación de infraestructuras” inclúe os recheos que están a comezar, os dos 25.200 m², nun área de 315 por 80 metros, tal e como explicitamente os describe o proxecto:

“...a instalación de atraque deberá executarse adosada á escollera existente na marxe oeste da explanada adxacente ao Muelle de Leirós nº 2, nunha alineación paralela á escollera existente a unha distancia de 80 metros da mesma cunha lonxitude de 315 metros e un calado de 15,00 metros en BMVE.”

Para a Autoridade Portuaria, estes recheos que dan lugar a tres liñas de atraque supoñen un recheo de soamente 24.600 m², tal vez por que non se inclúe a superficie do pequeno espigón xa existente e que se aprecia no plano do Plan Especial modificado (figura 1):

“Ademais, a superficie xerada cos tres peiraos conformará unha explanada de 24.600 metros cadrados. Esta conqueirase mediante o vertido dun recheo xeral, formado en parte polos produtos procedentes dos dragados e por produtos procedentes de excavacións do exterior do porto. O volume total de recheo ascende á cantidade aproximada de 350.000 metros cúbicos.”

Nas imaxes que presentamos a continuación pode apreciarse a obra que se está a acometer e que coincide coa proxectada no plan especial do porto. Na figura 2 o plano dos recheos do “Proyecto básico de adecuación de infraestructuras del sector comercial del Puerto de Marín” onde estes aparecen en gris e rodeados en vermello; na figura 3 unha recreación virtual do resultado dos recheos. Ambas imaxes están extraídas do Estudo de Impacto Ambiental do proxecto.




Figura 2. Plano das actuacións no Porto de Marín de acordo co "Proyecto básico de adecuación de infraestructuras del sector comercial del Puerto de Marín". En gris rodeado en vermello os recheos que a Autoridade Portuaria ten comenzado.



Figura 3. Recreación virtual do resultado dos recheos tal e como aparece no Estudio de Impacto Ambiental do denominado "Proyecto básico de adecuación de infraestructuras del sector comercial del Puerto de Marín".

Na actualidade, tal e como se pode comprobar por medio das fotografías que acompañan este escrito, con absoluto desprezo das decisións xudiciais que ilegalizan os plans especiais e obrigan á retirada dos recheos xa realizados, a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, ven de iniciar a instalación dos recheos comezando pola cimentación dos caixóns de formigón armado (xa construídos) que formarán os frontes dos recheos. As figuras 4 e 5 son fotografías tomadas o 16 de agosto nas que se pode apreciar, no peirao onde se van a realizar os recheos, a maquinaria que está a preparar a zanja para a cimentación.



Figura 4. Fotografía das obras de preparación dos recheos no peirao denominado Muelle Leirós o 16 de agosto de 2011.



Figura 5. Fotografía da maquinaria utilizada na execución dos recheos no peirao denominado Muelle Leirós o 16 de agosto de 2011.

De todo o argumentado pódese concluír que:

1º Os recheos que a Autoridade Portuaria do Porto de Marín e Ría de Pontevedra está a realizar son absolutamente ilegais ao estar contemplados nun plan especial anulado e ao existir unha sentenza do Tribunal Supremo que obriga á eliminación dos recheos xa construídos.

2º Os recheos que a Autoridade Portuaria está a executar non se poden amparar no denominado “Proyecto básico de adecuación de infraestructuras del sector comercial del Puerto de Marín” nin xustificar que a citada Autoridade Portuaria teña realizado un Estudo de Impacto Ambiental para o

mesmo. Tamén outras actuacións anteriores nas que se realizaban obras contidas nos plans especiais estaban apoiadas por proxectos e estudos de avaliación de impacto pero, o Tribunal Supremo, na súa sentenza, desmantela esta estratexia enganosa da parcialización das actuacións para evadirse de realizar un estudo de impacto ambiental sobre o conxunto das actuacións, sendo este un dos argumentos da sentenza que obriga á retirada dos recheos realizados.

3º As obras que se están a executar non están amparadas por un plan de utilización dos espazos portuarios, instrumento legal no que se planifica a ampliación dos mesmos.

4º Os recheos que a Autoridade Portuaria do Porto de Marín e Ría de Pontevedra está a realizar, deberán ser retirados tamén cando se execute a sentenza, polo que –de cara a evitar graves danos ambientais e fortes prexuízos económicos- procede deter a súa execución. Procede tamén evitar os dragados proxectados polo potencial destrutivo de cara a mobilizar materiais sedimentarios e alterar o medio natural con repercusión graves para o mesmo e para os recursos marisqueiros que, nos bancos do interior da Ría de Pontevedra, explotan os mariñeiros das confrarías de pescadores de Lourizán, Pontevedra e Raxó.

Diante dos feitos e argumentos expostos, o asinante

SOLICITA:

Que, tal e como corresponda en dereito, se atenda ao presente escrito.

Que **se proceda á paralización urgente dos recheos e dragados que a Autoridade Portuaria do Porto de Marín e Ría de Pontevedra está a realizar no Porto de Marín**, pois resultarían sumamente prexudiciais para os ecosistemas da Ría e para os recursos naturais, provocando tamén danos económicos para pescadores e mariscadores que deles obteñen o seu medio de vida, e graves perdas económicas ao erario público.

Que, tal e como ordenan a sentenza do Tribunal Supremo de 30 de outubro de 2009, e o auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 20 de outubro de 2010, se ordene aos responsables, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra (ambas responsables da tramitación e aprobación do Plan) e a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, á retirada dos recheos ilegalmente realizados no Porto de Marín.

E para que conste, asina en Pontevedra, a 22 de agosto de 2011

Asdo.: Antón Masa Vázquez